

**ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DE VALORACIÓN DA DOCUMENTACIÓN REQUIRIDA AO LICITADOR CLASIFICADO EN SEGUNDO LUGAR TRAS A EXCLUSIÓN DO PRIMEIRO LICITADOR NO PROCEDIMENTO ABERTO, OFERTA ECONÓMICA MÁIS VANTAXOSA E TRAMITACIÓN ORDINARIA DO CONTRATO ADMINISTRATIVO ESPECIAL DE EXPLOTACIÓN DA CAFETERIA DA CASA DA CULTURA DO MILLADOIRO, CONCELLO DE AMES.**

Na Casa Consistorial de Ames sendo as 14:00 horas do día 7 de xuño de 2016, reúnese a Mesa de Contratación designada para a tramitación da adxudicación do expediente anteriormente referenciado.

**ASISTENTES:**

**Presidente:**

**David Santomil Mosquera**, concelleiro delegado de Educación e Cultura.

**Vogais:**

**Rosa Ana Prada Queipo**, secretaria do Concello de Ames.

**M. Carmen Crespo Doldan**, interventora accidental do Concello de Ames.

**Rogelio Pardo Martínez**, xefe do servizo de contratación do Concello de Ames.

**Secretaria:**

**María Isabel Quintáns Rios**, auxiliar administrativo do departamento de Contratación.

A mesa de contratación en sesión celebrada o 26 de maio acordou propoñer a exclusión da empresa clasificada en primeiro lugar no contrato administrativo especial de "Explotación da cafetería da Casa da Cultura do Milladoiro", **PICABEN S.C.**, por non quedar debidamente acreditada a solvencia técnica e profesional esixida nos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares.

Con data 30 de maio de 2016, número de rexistro de saída 4.429 notificase á empresa clasificada en segundo lugar na clasificación provisional efectuada en Xunta de Goberno Local do 12 de maio de 2016, **JOSÉ LUIS VÁZQUEZ CABANELAS**, para que no prazo de dez días hábiles achegue a documentación establecida na cláusula 21.2 dos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares aos efectos de proceder a súa adxudicación definitiva, presentando esta en prazo a seguinte documentación:

- 1) Fotocopia DNI.
- 2) Modelo 037 de alta da actividade na Axencia Tributaria.
- 3) Declaración responsable de que a empresa non se acha incurso en ningunha das prohibicións para contratar ou incompatibilidades no artigo 146 e 60 do TRLCSP.
- 4) Acreditación da solvencia económica: Copia da póliza de seguro de responsabilidade civil na que se inclúe, responsabilidade civil locativa e responsabilidade civil patronal.
- 5) Acreditación da solvencia técnica ou profesional: diversos contratos laborais todos eles relacionados co obxecto do contrato así como vida laboral.
- 6) Autorización para a cesión de información relativa as obrigas tributarias e da seguridade social co estado en procedementos de contratación.

A mesa de contratación á vista da documentación aportada decide solicitar ao *Servizo municipal de Asesoramento e Mediación en materia de Seguros* (ARTAI-Correduría de Seguros S.A.) informe acerca da constatación da solvencia económica a través do seguro de Responsabilidade Civil formalizado polo licitador, o cal emite informe favorable.

En base ao exposto e aos feitos anteriores a mesa de contratación por unanimidade dos seus membros **ACORDA:**

**Primeiro.-** Propoñer ao órgano de contratación a exclusión da empresa PICABEN S.C. no procedemento especial da "Explotación da cafetería da Casa da Cultura do Milladoiro" por non quedar suficientemente acreditada a solvencia técnica e profesional esixida nos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares.

**Segundo.-** Propoñer ao órgano de contratación a adxudicación definitiva do Contrato administrativo especial de *Explotación da cafetería da Casa da Cultura do Milladoiro* a **JOSÉ LUIS VÁZQUEZ CABANELAS**, con DNI 44.813.388-G coas seguintes características:

**a) Canon do contrato.-** O canon da oferta presentada para a execución do contrato é de **786,50 Euros ao mes** (IVE incluído) facendo un total de **9.480 Euros/anuais**.

**b) Duración do contrato:** A duración inicial do contrato será de **DOUS ANOS** a contar dende o momento da súa sinatura, podendo prorrogarse anualmente de maneira expresa ata un máximo de dúas prorrogas, polo que a duración máxima será de **CATRO ANOS** (período inicial e prorrogas).

**Terceiro.-** Resto de condicións: O adxudicatario ademais deberá cumprir co resto da proposta efectuada así como coas condicións fixadas nos pregos de cláusulas administrativas particulares polo que se rexeu o procedemento así como coa proposta formulada.

Declarar que as **características esenciais** para esta licitación son as que figuran na proposición técnica formulada polo licitador, nos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e nos Pregos de Prescricións Técnicas.

E non habendo máis asuntos que tratar o señor presidente deu por rematado o acto, sendo as catorce horas e trinta minutos do que se expide a presente acta, que en proba de conformidade, asinan todos os membros da Mesa de Contratación, e eu, como secretaria da mesa, certifico.

